

## SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS-CURSO 2009-2010

Co obxecto de dar cumprimento ao establecido no punto 10.B da Convocatoria de prazas de aloxamento do Servizo Universitario de Residencias (SUR) e, unha vez rematado o prazo de subsanación de erros e de aporte de documentación para o proceso de avaliación das solicitudes, **esta Vicerreitoría resolve:**

**Facer públicas as LISTAS DEFINITIVAS de solicitantes admitidos en cada centro, a lista de agarda e a relación de excluídos.**

- **As persoas admitidas deberán entregar, ata as 14 horas do día 2 de setembro, no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, Pavillón Estudantil, 1ª planta, Campus Sur, Santiago de Compostela ou por calquera dos procedementos recollidos no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o xustificante de ter feito o ingreso de 150 euros en concepto de fianza na conta da USC nº 2091 0388 98 3110001172 de Caixa Galicia–Caixa de Aforros de Galicia, Oficina de Organismos, rúa Montero Ríos, 9, 15706 – Santiago de Compostela. O pago poderá facerse en Caixa Galicia mediante os impresos normalizados dispoñibles no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado ou mediante transferencia bancaria en cuxo xustificante deberá figurar o nome do estudante e o Centro onde foi admitido.**

O devandito xustificante de ingreso poderá tamén ser enviado por **fax ao número 981595117**, responsabilizándose a persoa que o envía de que sexa lexible no punto de destino, se non fora lexible quedará excluída.

Só a entrega deste xustificante servirá como confirmación da aceptación da praza por parte do solicitante, é polo tanto insuficiente o ingreso na entidade bancaria. No caso de non cumprir este trámite entenderase que renuncia á praza concedida, **non admitíndose ningún xustificantes de pago nin reclamación fóra do prazo establecido.**

- **Cambio de centro:** Os solicitantes admitidos de nova admisión interesados en pedir cambio de centro terán que solicitalo no momento da entrega do xustificante de ter feito o ingreso da fianza. Para isto cubrirán o impreso que para tal efecto terán dispoñible nos centros do SUR, no Servizo e na páxina web <http://www.usc.es/sur/>.

- **Lista de agarda:** As persoas que están na lista de agarda e desexen seguir optando a unha praza no SUR teñen que confirmalo antes das 14 horas do **día 2 de setembro**, para o que cubrirán o impreso dispoñible a tal efectos nos centros do SUR, no Servizo e na páxina web <http://www.usc.es/sur/>

- **Movemento da lista de agarda e solicitude de cambio de centro:** O día 8 de setembro, unha vez rematado o prazo para que as persoas que estén na lista de agarda confirmaran o seu desexo de seguir optando a unha praza no SUR, procederase a facer o movemento da lista de agarda e, de ser o caso, os cambios de centro solicitados.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación. Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante este órgano, sen que neste caso se poida interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición.

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2009

**O VICERREITOR DE COMUNIDADE UNIVERSITARIA  
E COMPROMISO SOCIAL**

(P.D., R.R. de 31 de julio de 2007)



José Manuel Mayán Santos